

As novas Castes de Vide



A variedade "Gran Negro"

1. Sinonimias

Negr.n na comarca do Ribeiro (Ourense).

2. Antecedentes

Variedade introducida en Galicia despois da crise da filoxera, posiblemente en 1889 (Santos Solla, 1992). García de los Salmones (1914) cítala en Celanova (Ourense) e Huetz de Lemps (1967), na

provincia de Pontevedra e nas terras do Sil, do Miño, comarca do Ribeiro, Valderoras e Monterrei na provincia de Ourense. No Catastro Vitícola de 1983 indícase como cultivada na provincia de Pontevedra e na de Ourense, representando o 1,29 e o 1,69% respectivamente da superficie total de viñado.



3. Situación actual

É recoñecida como variedade autorizada na DO Valdeorras. A superficie de cultivo representa 1,80% da superficie total de viñedo da comunidade, e corresponden 281,36 ha provincia de Pontevedra, 0,36 ha á Coruña, 0,18 ha a Lugo e 195,85 ha a Ourense.

4. Valoracións sobre o seu cultivo

Variedade de brotación temperá e maduración tardía, é pouco sensible ao oídio e á botrite, e moderadamente sensible ao mildeu. Produce viño con valores de graduación e acidez media de 10,5% e 3,8 g/, respectivamente.

5. Descrición morfolóxica

Pámpano novo

O pámpano novo presenta a extremidade aberta, con peluxe tombada de densidade alta. A cara dorsal e ventral dos entrenós e nós .verde e vermella. As xemas sen pigmentación antociánica.



Folla nova

A folla nova é de cor cobreada-vermellada con peluxe tombada de densidade alta.



Folla adulta

A folla adulta de cor verde media presenta tamaño grande e forma pentagonal, con cinco lóbulos; peluda, con densidade baixa de pelos tombados entre e sobre os nervios principais; perfil alabeado; limbo sen avultamento e con inchazón débil; presenza de pigmentación antociánica sobre os nervios principais da face do limbo que alcanza a primeira bifurcación; dentes con lados convexos, de lonxitude curta en relación á súa anchura; seo peiolar con lóbulos lixeiramente superpostos e coa base en forma de chave; seos laterais superiores con lóbulos lixeiramente superpostos, coa base en forma de chave; peíolo lixeiramente máis curto que o nervio principal.

Acio

O acio ten forma de embude, longo, ancho, de compacidade solta e con presenza de 3 ou 4 ás. O pedúnculo é de lonxitude media.

Bago

O bago de cor azul negra presenta forma esférica.



¡boa uva, bo viño!

Que, ao final, o que
de verdade importa
é a calidade

 **Switch**[®]

syngenta[®]

Máis protección
Máis eficacia